

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN
DIDÁCTICA
CURSO 2019/2020
1º DE PRIMARIA

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE SOBREIRA-VALADARES
DATA: 15-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP SOBREIRA VALADARES

CURSO: 1º DE PRIMARIA

MATERIA: LINGUA CASTELÁ, LINGUA GALEGA E MATEMÁTICAS

DATA: 8 DE MAIO

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
LINGUA CASTELÁ	
- Relacionar códigos verbais e non verbais.	- Relaciona os códigos oral e escrito: discrimina sons nas palabras e consolida aspectos grafomotores e grafías da Lingua castelá en palabras significativas
- Ler en voz alta diferentes tipos de textos infantís breves e sinxelos.	- Lee con pronunciación e entoación axeitada, textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade.
- Expresarse e comunicarse de forma oral e con certa coherencia para satisfacer as necesidades de comunicación en diferentes situacións de aula.	- Narra situacións e experiencias persoais sinxelas.
- Comprender o sentido global dun texto oral. Identificar información relevantes.	- Comprende o sentido global de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social.
- Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	- Desenvolve a conciencia fonolóxica: identifica sílabas e fonemas como elementos fundamentais da palabra.
LINGUA GALEGA	
- Comprender a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.	- Comprende a información xeral e relevante de textos orais moi sinxelos procedentes da radio ou da televisión, próximos á experiencia infantil.
- Ler, de forma guiada, textos sinxelos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras.	- Descodifica de forma axeitada na lectura de textos moi sinxelos. - Le textos sinxelos en voz alta, acadando progresivamente a velocidade axeitada.
- Recoñecer a relación entre son e grafía así como as palabras como instrumento para a segmentación da escritura.	- Recoñece a relación entre son e grafía.
1. Recrear e reescribir de xeito moi sinxelo diversos textos literarios, usando modelos.	- Recrea e reescribe de xeito moi sinxelo diversos textos literarios: breves contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos.

MATEMÁTICAS

- Expresar verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema.	- Comunica verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema simple de matemáticas ou en contextos da realidade.
- Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados.	- Le, escribe e ordena números ata o 99.
- Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	- Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
- Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	- Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de suma e resta (sen levadas) na resolución de problemas contextualizados.
- Utilizar o palmo, o paso e o pé para realizar medidas e estimacións.	- Realiza medicións co palmo, o paso e o pé.
- Comparar e identificar cal é o obxecto de maior peso, por estimación e/ou utilizando a balanza.	- Realiza comparacións de peso entre dous obxectos de uso habitual.
- Comparar e identificar cal é o recipiente de maior capacidade, por estimación.	- Compara e identifica cal é o recipiente de maior capacidade.
- Coñecer as figuras planas básicas: cadrado, círculo, rectángulo e triángulo.	- Recoñece formas rectangulares, triangulares e circulares en obxectos do contorno inmediato.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	A avaliación será principalmente formativa e diagnóstica de cara a facilitar o traballo do comezo do vindeiro curso, e tomando como referencia a información proporcionada polas familias, os materiais que nos poidan achegar (fotografías das tarefas, vídeos, audios...), e a observación directa que se poda facer nas videochamadas grupais. Non se realizarán probas obxectivas.
Cualificación final	A cualificación de final de curso para estas materias estará baseada principalmente nos resultados obtidos polo alumnado durante o período de clases presenciais, e dicir, non haberá variacións salvo en casos excepcionais no que un alumno ou alumna con algunha materia pendente demostre unha melloría significativa que lle supoña aprobar a materia.
Alumnado de materia pendente	O alumnado que presente materias pendentes na primeira e segunda avaliación manterá a mesma calificación salvo que no traballo realizado neste terceiro trimestre presente unha melloría significativa que supoña a consecución dos obxectivos mínimos esixibles para a superación da materia.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Envíanse diariamente propostas das diferentes materias, alternando fichas para imprimir e fichas interactivas, para reforzar as competencias traballadas durante o 1º e 2º trimestre: lecturas, ditados, operacións, problemas, xogos de números e letras, textos rimados, adiviñas...
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	As tarefas publícanse diariamente no apartado de 1º da web do centro organizado en posts semanais, para que o alumnado adquira a rutina de entrar na web e manteña os lazos coa escola (na medida das posibilidades e das circunstancias persoais de cada familia). Para as que non contan con impresora e teñen que saír a imprimir as tarefas, publicamos os luns un arquivo conxunto de todas as da semana. Para o alumnado que non ten conexión envíaselle o traballo por correo ordinario.
Materiais e recursos	Fichas de elaboración propia e extraídas dos recursos facilitados por diferentes editoriais. Enlaces a páxinas web con recursos educativos adaptados ao alumnado de 1º de primaria. Para o alumnado NEAE, o DO adapta o material que propón a titora e aporta materiais específicos, ademais de atención e orientacións para as familias.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A través das vías de comunicación habituais empregadas ata o momento (correo electrónico, AbalarMóbil e teléfono), comunicarase as familias a adaptación da programación didáctica que levamos a cabo para este terceiro trimestre.
Publicidade	A adaptación desta programación estará publicada na web do centro para poder ser consultada polas familias, e así se lles comunicará.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP SOBREIRA VALADARES
CURSO: 1º DE PRIMARIA
MATERIAS: PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS) CIENCIAS
SOCIAIS, CIENCIAS DA NATUREZA
DATA: 8 DE MAIO

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	
Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves e moi sinxelos, rimas infantís, adiviñas moi evidentes) emitidos con ritmo discursivo lento, con claridade e de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a percepción da mensaxe, con apoio visual moi redundante que axude á comprensión.	Comprende a información esencial dun conto, rima ou canción moi breves e sinxelos, previamente traballados, emitidos lentamente, cunha pronuncia ben articulada, e con apoios visuais moi redundantes que axuden á comprensión.
Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos ...), sinxelas, así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula.	Comprende vocabulario moi elemental e sinxelo sobre temas familiares acompañados de imaxes que os ilustran con claridade.
Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos.	Reproduce comprensiblemente textos orais moi sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos
Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos moi breves, sinxelos e moi elementais, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, e conteñan apoio visual moi redundante en soporte papel ou dixital.	Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados.
Recoñecer e utilizar un repertorio limitado e moi elemental de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais, moi familiares e concretos relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses.	Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente.
CIENCIAS NATURAIS	
. Buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes	. Busca e selecciona información de forma guiada e comunica o resultado de forma oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada, en diferentes soportes.
Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.	Recoñece partes do propio corpo.

	Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos.
Coñecer e valorar a relación entre o benestar e a práctica de determinados hábitos: a hixiene persoal, a alimentación variada, o exercicio físico regulado sen excesos ou o descanso diario.	Relaciona a vida saudable cunha alimentación adecuada.
	Relaciona o exercicio físico, os hábitos de hixiene e o tempo de lecer coa propia saúde.
Identificar e explicar en diferentes soportes, as principais características das plantas e dos animais.	Identifica e describe, con criterios elementais, animais e plantas do seu contorno
Experimentar e manipular instrumentos e obxectos sinxelos de uso cotián identificando algunhas propiedades físicas.	Identifica cor, dureza, cheiro, sabor e textura en materiais e obxectos de uso cotián.
CIENCIAS SOCIAIS	
Coñecer e iniciarse no emprego da terminoloxía propia da área.	Identifica a terminoloxía propia da área.
Identificar os elementos principais da contorna partindo do máis próximo a través da observación e uso das TIC.	Elabora e recolle información sobre aspectos da súa contorna natural, empregando imaxes, debuxos e outras fontes incluídas as TIC.
Recoñecer as características básicas do aire e a auga observadas e experimentadas a través dos sentidos	Describe as características principais do aire e da auga.

Valorar a importancia que ten para a vida dos seres vivos o coidado dos elementos da paisaxe máis próxima.	Identifica algunha medida para a conservación da natureza máis próxima
.Recoñecer as relacións simples de parentesco familiar e os seus roles identificándose, situándose e valorando á pertenza a unha familia con características propias así como contribuíndo ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os seus membros.	Identifica as relacións de parentesco, discrimina os roles familiares e contribúe ao reparto equitativo das tarefas domésticas entre os membros da familia.
Coñecer e respectar todos os elementos que conforman a escola e as súas funcións.	Identifica aos membros da comunidade escolar, describe as tarefas que desenvolven e as respectan.
Coñecer as características básicas da contorna próxima e diferenciar os conceptos de cidade, vila, aldea.	Explica a diferenza entre cidade, vila e aldea e sitúa a súa casa nalgunha delas.
Observar e discriminar diferentes elementos viarios que debера recoñecer un peón ou peoa para unha circulación óptima pola rúa.	Coñece as sinais de tráfico necesarias para camiñar pola rúa correctamente: cores dos semáforos, pasos de peóns ou peoas, etc.
Ser consciente do paso do tempo empregando, como unidades de medida, os días, as semanas, os meses, o ano, as estacións e o calendario como instrumento para medir e representar o paso tempo	Sabe o número de días que ten unha semana e os meses, nomea os meses do ano e diferencia as estacións segundo as súas características.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	A avaliación será principalmente formativa e diagnóstica de cara a facilitar o traballo do comezo do vindeiro curso, e tomando como referencia a información proporcionada polas familias, os materiais que nos poidan achegar (fotografías das tarefas, vídeos, audios...), e a observación directa que se poida facer nas videochamadas grupais. Non se realizarán probas obxectivas.
Cualificación final	A cualificación de final de curso para estas materias estará baseada principalmente nos resultados obtidos polo alumnado durante o período de clases presenciais, é dicir, non haberá variacións salvo en casos excepcionais no que un alumno ou alumna con algunha materia pendente demostre unha melloría significativa que lle supoña aprobar a materia.
Alumnado de materia pendente	O alumnado que presente materias pendentes na primeira e segunda avaliación manterá a mesma calificación salvo que no traballo realizado neste terceiro trimestre presente unha melloría significativa que supoña a consecución dos obxectivos mínimos esixibles para a superación da materia.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	Envíanse diariamente propostas das diferentes materias, alternando fichas para imprimir e fichas interactivas, para reforzar as competencias traballadas durante o 1º e 2º trimestre: lecturas, ditados, operacións, problemas, xogos de números e letras, textos rimados, adiviñas...
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	As tarefas publícanse diariamente no apartado de 1º da web do centro organizado en posts semanais, para que o alumnado adquira a rutina de entrar na web e manteña os lazos coa escola (na medida das posibilidades e das circunstancias persoais de cada familia).

	<p>Para as que non contan con impresora e teñen que saír a imprimir as tarefas, publicamos os luns un arquivo conxunto de todas as da semana.</p> <p>Para o alumnado que non ten conexión envíaselle o traballo por correo ordinario.</p>
Materiais e recursos	<p>Fichas de elaboración propia e extraídas dos recursos facilitados por diferentes editorias. Enlaces a páxinas web con recursos educativos adaptados ao alumnado de 1º de primaria.</p> <p>Para o alumnado NEAE, o DO adapta o material que propón a titora e aporta materiais específicos, ademais de atención e orientacións para as familias.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>A través das vías de comunicación habituais empregadas ata o momento (correo electrónico, AbalarMóbil e teléfono), comunicarase ás familias a adaptación da programación didáctica que levamos a cabo para este terceiro trimestre.</p>
Publicidade	<p>A adaptación desta programación estará publicada na web do centro para poder ser consultada polas familias, e así se lles comunicará.</p>